

# PROXECTO VOZ NATURA. RÍOS E PRAIAS EN BOAS MANS.

## QUE É?

Voz Natura é un programa de educación medioambiental posto en marcha pola Fundación Santiago Rei Fernández-Latorre no curso 1997/1998. O seu obxectivo é implicar á comunidade escolar de Galicia na recuperación e defensa da natureza da nosa terra.

## EN QUE CONSISTE?

ACTIVIDADES DE MANTEMENTO, RECUPERACIÓN E CREACIÓN DOS DISTINTOS XARDÍNS DO CEIP DO FOXO

- Preparación do terreo: saneamento e abono.
- Plantación de céspede e especies aromático-medicinais
- Sementeiro de plantas culinarias
- Puntos de rega no xardín da poesía
- Limpeza
- Poda
- Fumigación
- Compost



## OBXECTIVOS

- Manter os espazos verdes xa existentes: O Xardín da Poesía, a zona traseira do pavillón e o piñeiral do areeiro.
- Recuperar o xardín de plantas aromático – medicinais e ampliálo cun invernadoiro de plantas culinarias.
- Facer un colector de compostaxe.
- Manter o equipo de Axentes Antilixo.
- Reciclar selectivamente: orgánicos, plásticos, papel, cartuchos de tinta, tóner e pilas.
- Facer un estudo das distintas especies que temos nos distintos xardíns.
- Estudar, visitar e facer unha campaña de recollida de vertedoiros incontrolados ao redor da Lagoa Sacra de Olives.
- Crear un blog de Voz Natura
- Crear un recuncho para as ferramentas de xardín.



## ACTUACIÓNS NESTE CURSO:



### Xardín da Poesía :

Farase un abonado de fondo con esterco natural, provinte de cortes de casas de familiares de alumnos da escola. Tamén se fará un abonado de fondo, con abonos minerais.

Sementarase céspede resistente ás sombras, nas zonas que non foi arriba, debido á existencia de moita cantidade de árbores. Tamén se podarán adecuadamente, as árbores e arbustos existentes no mesmo, en época axeitada á variedade.

Asemade instalárase sistema de rega subterráneo.

Manterase libre de follas e restos de poda que se utilizarán para facer compost.



### Terreo á dereita do pavillón :

Esta zona xa foi reforestada e recuperada hai dous cursos, pero debido á mala calidade do solo necesita que se lle aporte máis terra e abono tanto orgánico coma mineral. Asemade necesita un mantemento con rega periódica, poda dos Ligustrum e replantación de céspede nas zonas que o precisen.



### Piñeirai e areiro:

Fíxose un tratamento funxicida biolóxico contra a 'procesionaria do piñeiro'.

Fomentárase tamén a existencia de aves insectívoras, mediante a colocación de niños artificiais e comedeiros.

Tamén se podarán adecuadamente, os piñeiros, o carballo e a abeleira existentes, en época axeitada á variedade.



### Xardín de Plantas Aromáticas-medicinais e Culinarias :

Procederáse á poda das plantas aromáticas que o precisen, engadiráselle terra de calidade e substituiranse as plantas secas e abonarase a totalidade do xardín.

Tamén se ampliará o xardín cun sementeiro de plantas culinarias que se cultivarán en invernadoiro, debido á fragilidade dalgunhas respecto á nosa climatoloxía. Dentro das aulas estase a traballar o cultivo destas plantas, tanto con sementeiros coma con plantas aportadas polos alumnos. Asemade elaboráronse fichas técnicas sobre este tipo de plantacións.





# COMPOST



## Reciclar os residuos orgánicos a través da compostaxe:

Para completar os traballos de recuperación e mantemento dos distintos xardíns do recinto escolar é imprescindible crear un colector de compostaxe .

Obxectivos propostos:

- Estudar o ciclo da materia orgánica, deixar que pase o que pasa na natureza: a materia orgánica mesturase co solo, descompoñéndose e aportando os seus nutrientes á terra da que se alimentan de novo as plantas.
- Concienciar sobre a importancia de poñer en marcha unha fórmula respectuosa co medio ambiente á hora de reciclar, fertilizar e producir os nosos residuos.
- Reciclar os residuos orgánicos que producen os xardíns, xa que estes (restos de cocíña e de xardín) constitúen con máis terra e abono orgánico e mineral entre o 40 e o 50% dos residuos urbanos. Unha forma fácil de aforrar no custo de recollida e tratamento dos mesmos que ademais elimina a necesidade de comprar fertilizantes químicos.
- Obter un abono de calidade para as nosas plantas xa que o uso dunha boa cantidade de compost no xardín mellora considerablemente as características do solo, mellorando a calidade do substrato e principalmente a fertilidade da terra.

Para ver máis de cerca o proceso propoñemos construír un minicolector de compostaxe por aula feito con garrafas de plástico. Asemade para completar o estudo propoñemos construír unha granxa de miñocas para ver e entender por que son tan beneficiosas para agricultura .

## Axentes antilixo

Hai 5 anos creáronse axentes antilixo, formados por grupos de cinco alumnos debidamente uniformados. Encárganse do mantemento do patio libre de papeis, bolsas e outros materiais. Conciencian aos seus compañeiros para manter limpo o recinto e utilizar as papeleiras. Estes grupos actúan os venres con quendas previamente establecidas. Asemade este ano colocaron carteis recordatorios no patio para utilizar os colectores. Os alumnos do 3º ciclo colaborarán coa limpeza do patio a cambio dos gastos que xera a cooperativa (Cooperafexo) na que participan. (Deputación de Pontevedra). É imprescindible manter este equipo para recordar e para concienciar os novos alumnos.

## Reciclaxe selectiva

A raíz de distintas campañas, o centro decidiu fai tres anos participar nun proxecto de reciclaxe de residuos non orgánicos.

Para elo adoptáronse distintas medidas entre o alumnado. Contamos cunha activa participación.

Nesta participación incluíuse: unha carta ao concello (alumnos do 3º ciclo) informando do proxecto e solicitando contedores de plástico e de papel para as aforas do centro e mini contedores azuis e amarelos para todas as aulas. Contamos con todo este material dende hai tres cursos.

O curso pasado recuperamos os contedores de pilas e incorporamos un contedor de cartuchos de tinta e tóner.

E este curso pretendemos incorporar uns colectores de orgánicos para os restos de froita, xa que participamos en varias campañas de distribución de froita fresca, que se distribúe durante 15 días en cada trimestre. Asemade propuxemos os xoves coma o día da froita para que sexa o único que se consuma no recreo.

Con estes restos e coas das follas do xardín faremos compostaxe.



## **ESTUDO E VISITA DA LAGOA SACRA DE OLIVES, BRAÑAS DE XESTOSO (ASEMADE DA LIMPEZA DE VERTEDOIROS INCONTROLADOS NOS SEUS ARREDORES)**

A **Lagoa Sacra de Olives** , é unha lagoa situada no límite entre o concello da Estrada, o de Forcarei e o de Silleda a 700 metros de altura, unha das mellores representacións de turbeiras ácidas, un hábitat extraordinariamente raro e fráxil. Calcúlase que estas brañas formáronse despois da última glaciación, hai uns 12.000 anos. Aquí brota en primavera e no verán a chamada “herba de algodón”, propia das zonas nórdicas. Forma parte das [Brañas de Xestoso](#), espazo protexido dentro da rede Natura.

O Colexio dista desta Lagoa uns 6 km. Os alumnos da parroquia de Olives están escolarizados neste Centro. Todos os cursos, facemos unha visita con alumnos de distintos niveis.

Aparte do estudo do clima, da fauna e da flora, en definitiva da importancia desta paraxe natural, queremos contribuír a súa preservación cunha campaña de limpeza de vertedoiros incontrolados que hai nos seus arredores.

### **.- ENTIDADES COLABORADORAS:**

- Concello
- Asociación de Nais e Pais “Alecrín”
- Museo do Moble e da Madeira (MOME)
- Editorial Fervenza
- Fundación Cultural da Estrada
- CERES ( Oficina Técnica Agrícola, SL)